

NA INTIMIDADE DO AZOUGUE

*Xa non procuro portos*

*xa non me fai falta*

*a distancia para ser triste*

**Eduardo Estévez**

*O verán rematará sen decatarnos da pequena traxedia*

**Miguel Mato Fondo**

I.A NOITE NO SILENCIO DO AZOUGUE

*Que triste é a noite e o reloxo, que triste.*

**Fran Alonso**

*Solamente en las noches  
escribiendo  
he pedido, he perdido.*

**Alejandra PizarniK**

Hoxe o xabre  
está más quente ca nunca  
tradeo un oco co meu dedo  
e atopo a humidade da mañá

Escrebo as iniciais do teu nome  
coa esperanza de resposta na néboa  
suspiro fondamente  
e só ecoan  
no rumor das candeas  
os meus pasos .

Deberiamos cambiar esta costume  
de bicarnos as tentas baixo as luces  
do último solpor de agosto  
amosarilles aos nenos a promesa  
tatuada nesa beleza túa  
de peitos de deusa  
explicarilles o por que do teu sorriso  
esa voz de buguina  
o silencio dos teus beizos na mañá  
o arreguizo dos meus ollos  
a secreta mirada dos amantes.

Un balbordo de ouveos cegaba a noite  
a lonxana presenza dos cans nas corredoiras  
un gato cego a espreitar nas sombras  
soaba a medianoite na campa da igrexa  
un silencio estraño sobre a mesa e as lacenas  
e Walt Whitman a berrar:

*“celébrome a min mesmo,  
o que eu asuma, ti asumirás  
porque cada átomo meu perténceche a ti tamén”*

Arrombei de vagar follas e libros  
e procurei esa pequena agra  
que é a nosa cama  
porque cada átomo teu perténçeme a min tamén.

*"A morte non é un poema.*

*Non, non é un poema a morte".*

(Tomás Barros (1987))

¿e qué é un poema ?

¿esta anguria das luces na noite

a languidez das albas de agosto

o calado zumbar das avelaíñas

o recendo da calor na horta

a fráxil trabe do meu corpo

deitado na lentura dos teus ollos?.

En agosto déitome sempre tarde  
cando o silencio do sono  
apalpa cada recuncho da casa  
atraveso ás escuras corredores  
coa morneza dos alentos  
a respiración dos nenos  
que anuncia o descanso  
procuro a frescura das sabas  
o recendo dos beizos  
a crepituar na noite  
esa pequena distancia  
nos límites da cama

Abóndame con te mirar  
quizais rozar o teu corpo  
soñar coa mañá  
á espera do amor.

Anunciou en agosto que ía ter un fillo  
coma quen anuncia unha dor de estómago  
anunciou tamén o seu nome  
que ecoou coma un verso  
no calafrio da tarde

Os vellos afogaron o devezo  
dun novo neto con viño novo  
  
e nos ollos do pai  
medrou a heroica herba  
que sobrevive ás secas do verán.

Eses pes descalzos  
a rumbar na cociña  
co ritmo canso da vasoira  
as potas a ferver no mediodía  
esa voz túa tan secreta  
a chamar polo sono dos rapaces  
e un corazón arelante  
co peso da calor  
apañando as notas dun blues do sul

Aqueles días de desexo  
de suar transparente na calma  
a mirar o tellado enfebrecido  
dunha casa de harmónica bohemia.

Os chíos dos paporroibos  
afogaron os saloucos das vellas  
e as cazolas a ferver  
cubriron de néboa o mediodía

Na mesa os pratos a espreitar  
a danza insomne dos tabáns  
nas pólás más altas da maceira  
os paxaros a bendicir a mesa.

Viñeron as grandes marés de agosto  
a esgotar os límites da praia  
e as pegadas dos rebumbio do día  
a perderse entre a xerfa das ondas  
houbo queixas polo naufraxio da tarde  
pola negrura das nubes  
por esa sensación señardosa da despedida

Non sei coma explicarles  
que o acedo sabor do salitre  
anuncia a prema da partida.

No devalo das tardes de agosto  
a miña face torna en cores vermellas  
o espello devólveme unha epiderme distinta  
un roibén brillante de descanso  
atópome coa estrañeza do relaxo  
do descoido das horas nunha hamaca  
co desprezo do respecto ao estío  
asómbrome coa forza das glicinas  
desafiando á brisa na tardiña

e na casa as portas abertas  
delourando as suores do verán  
os nenos co sabor a salitre  
dos días de praia  
e ti  
áinda atarefada coa colada  
laiandote da vizosa  
fame dos insectos.

É a sesta o grande momento da tarde  
a morneza dos beizos na resaca da comida  
o sabor do tabaco no remol do nordés  
buscar o teu corpo tendido na calor  
a humidade da pel no retorno do anhelo  
acertar co camiño dos teus peitos  
coa curva do teu sexo  
deseñar a liña más recta  
no castigo do adiado  
do baleiro que arde dentro  
do derradeiro abrazo.

Está a gata a deluvarse

con devezo

contra as miñas pernas

e comprendo

a urxencia do desexo

o animal que se agocha

no xardín do teu ventre.

Cando o silencio se verte sobre a noite  
as sombras medran sobre as viñas  
e os morcegos debuxan espirais  
con historias de sangue morna

A casa é unha gárgola de mel  
onde aniñan as coitas do pasado  
e todos a durmir en repouso ledo

Logo virá o día a espertar os soños  
a arredar as pantasmas dos faiados  
o leite a quecer nas cociñas  
as vidas dos veciños  
a anunciar  
que nesta rúa é todo vello  
un deserto de sabores  
un tempo que transcende  
o espasmo da caída dos teus ollos.

Neste día seradio de agosto  
os acios preñados de dozura  
anuncian a vendima  
os vellos falan baixo  
por medo ás xeadas  
chegou a chuvia anunciando o outono  
e a nai sentada na cadeira coxa  
a espreitar a musica das pingas  
roucas coma a lenta agonía desas sombras  
que se deitan sobre as luces a fuxir  
das últimas celaxes da tarde

A silueta dos merlos a danzar  
no estertor da noite  
un sosegado latexar a nacer no meu peito  
e a casa  
un labirinto de brisas  
a procurar o soño dos cativos.

As pólás da maceira a abanar  
manseliñas  
co zoar do vento do sur  
os paxaros coma humildes almas  
a abollar na espesura da noite.

É doado escribir aquí un poema  
baixo a sombra do piñeiro  
arrolado pola brisa do nordés  
ao morno do sol do mediodía  
o vago perfume da glicina  
e os sons lonxicuos da verbena

Quizais os meus fillos lean a Rilke  
e non estará todo perdido  
incluso escribirán un poema  
baixo a sombra do piñeiro  
e lembrarán ao pai  
perdido na memoria  
dun agosto.

Hai un mundo de insectos  
a rumbar no cume da horta  
un roibén alado de sombras  
na luz da tarde que foxe

No interior da casa o silencio  
os peitos a zugar o pouco alento  
que aniña nos recantos das paredes  
e a serodia luz que esgota o día  
é un verso lento de paxaros.

Cambiaría a pel mol e branca  
que me dou a herdanza  
pola esgrevia sinxeleza deste xabre  
humidoso pola brisa do resío  
peiteado pola codia das candeas  
e este ollar nebuloso da cidade  
polo límite da noite no horizonte  
salferida polas luces das estrelas  
xemendo manseliñas cos brillos  
deste agosto que me queima  
coa fartura dos teus beizos.

Mastigaba de vagar o sabor do viño  
espeso xarope no fermento da bodega  
o avó a trafegar nos bocois  
coa tépeda sabedoría dos anos  
coa calma dos meses e estacións  
coa ollada nas aves migratorias  
devecendo polo seco frío de novembro  
maldicindo este agosto de estranxeiros  
de bocas a zugar a auga escasa  
dos pasos curtos dos cativos  
das olas a quecer coa luz do día

Un agosto de costumes olvidadas  
dun falar de palabras tan estrañas  
dun querer sen goberno  
dunhas horas alongadas sen desculpa.

A noite caeu coma un lenzo  
a perfilar os límites do tempo  
as luces ancoradas no silencio  
no escuro da fondura do teu beizo.

Botou a noite tépeda

nun arrouto

as últimas luces do día

o agosto deitouse

no feble aire da casa

a chamar por nós

na infinda historia

da nosa sangue.

Escribo poemas baixo as polas do piñeiro

rexas trabe na memoria da casa  
o tempo detido na sangue da seiva  
nas pólás á espreita do tempo  
así a dor ao remate do día  
no recendo a resío  
a verterse sobre min

Chegará o inverno

a friaxe a deitarse na madeira  
na historia da tupida follaxe  
no verso que lembra o eco xordo  
dos corpos abertos coa calor.

Houbo un tempo no que as árbores  
marcaban o paso do tempo  
e os altares erguíanse  
baixo as pólás das maceiras  
no fondo da horta a pereira  
aventaba a primavera

Houbo un tempo no que todo era nada  
as abellas a desculpa da mirada  
a música un xílgaro afrautado  
a rumbar entre as gallas da figueira

Houbo un tempo no que a tarde era o momento  
para ollar a espesura da magnolia  
ficar baixo a sombra do marmelo  
a espreitar o devalo da marea.

Aquel piñeiro sempre estivo alí  
incluso cando estraron cemento  
onde antes había xabre  
para que os coches puideran  
subir cando a casa

Despois            coma un experto cirurxián  
cernáronlle as pólas que ventaban o norte  
sobre a horta onde medran os pementos  
e erguérонse vizosos na calor do verán  
ollando desafiantes as cicatrices da árbore  
logo o xemido da seiva a esvarar  
coma o sangue visguento  
dun altivo ser

Chegou o inverno  
a morna chuvia  
a poalla húmida  
a pousarse nas candeas  
o vento a rumbar na horta morta

E o piñeiro seguía alí  
coma se nada tivese mudado  
coma se o rumor lonxicuo da ausencia  
non fose máis que sombras na memoria.

Ollabamos a lúa  
collidos da man  
e no fondo da horta  
o gato cego  
cazaba o vento.

Nestas últimas horas da tarde  
dun estraño e impetuoso setembro  
cando devalan misteriosas as luces  
coa lenta agonía da noite  
non queda máis na praia  
que o tupido ronsel dun nadador  
a escavar unha físgoa infinita  
na prateada derrota da maré  
a brancura da xerfa sobre as ondas  
detén o tempo ata o abandono.

Chegaron as primeiras chuvas de setembro  
e a terra devolveu o seu alento  
co devezo arfado do sedento.

haiku(I)

Nos beizos auga  
nos ollos luz da noite  
e chuvia en min

haiku(II)

Teu corpo en min

na seca de agosto

a casa treme

haiku(III)

Os nenos dormen  
no azougue da noite  
velo seu soño

haiku(IV)

No son da noite  
no colo do silencio  
a procurarte

haiku(V)

Dicir teu nome

maina brisa do verán

a sosegarme

II.AZOUQUE SALGADO

*Peces de sangre fría*

*frios peces de agonía intolerable*

*y deseos escasos.*

**Luís Castro**

*Los peces rodean el istmo*

*de las manos candentes.*

*Extrañan la ausencia de*

*los cuerpos.*

**Teresa Domingo Catalá**

Aprendinlle a pescar aos nenos  
no devalo das tardes deste agosto  
a enlear o engado nos anzois  
na procura da paciencia desta arte  
a fuxir das sombras  
facer do silencio  
un aceno á espreita  
un pulso delongado a tensarse  
os nervios a tremer  
os beizos a enchouparse co salitre

Todo foi ben  
ata a primeira picada  
o peixe arfando sobre a area  
un ronsel de sangue nas escamas  
a agonía da morte nunha praia  
os pes fríos a desculpa  
para fuxir cando a calma das toallas.

Trece peixes boquexando  
sobre a mesa da cociña  
pequeños seres mariños  
arrincados do seu mundo  
as costas castigada polo roibén da tarde  
a pavura da vida a esvaecerse  
no sumidoiro do fregadeiro  
só vestixios do pánico  
dos anzois a furar as galadas  
a calar a morte lenta  
no crepitár do aceite quente

a mesa á tarde  
agardando pola gloria da cea.

Quedou o peixe pendurado do anzol  
boquexando nun salaio de silencio  
os nenos botaron os ollos á maré  
e deitaron as canas sobre as penas  
desprezaron o salitre das augas  
e un baleiro de frío foi a tarde

nunca máis quixeron ir pescar  
por non sentir a mentira da vida  
sabedores da verdade da morte.

III.OS FILLOS DO AZOUGUE

(LONDON MARKET . ALBUM FOTOGRÁFICO)

*Más, cada vez más honda  
conmigo vas, ciudad,  
como un amor hundido,  
irreparable.*

**Jaime Gil de Biedma**

Camiñaba coa morneza dun animal ferido  
coa elegancia do paso compasado  
co desprezo dos naufragos da noite  
deixara en África muller e tres fillos  
a seca dun verán interminable

en troques atopara o calafrío  
dun inverno de brétemas tecidas  
en sombras dunha pel desarroupada

Devecía polo sol dos amencerces  
a calor da arxila nas tabernas  
sentir de novo a brisa quente  
que esvara sobre as dunas do deserto  
volver de novo en primavera  
co sixilo do lampexo das estrelas  
nesa luz da alba dos abriles  
a bicar a meixela do teu sangue

unha ría parecía un horizonte  
un farol aceso era un sol  
e unha ollada un instante  
a che lembrar  
un recordo a celebrarte  
e esta ausencia a prometerlle  
a memoria do teu corpo  
a posuírtē.

Fun a Camdem Marker  
coa esperanza de atopar  
unhas botas de pel de serpe  
mais non atopei a talla precisa  
para os meus pes de lagarto

ás veces a xenética animal  
desafía á natureza  
coa temeridade estéril  
do equilibrio.

Tiña a altiva mirada dos príncipes  
e os acenos dos que esquecen  
os límites da patria

Tiña a vida agochada nun portal  
e a riqueza do pobre      a liberdade  
a fame do estómago achicado  
os ollos do cansazo e a esperanza

Tiña a anguria do entusiasmo  
o amor nun pano perfumado  
a oración farturenta no solpor  
a redimir a ausencia dos que viven

sen sosego.

O metro en Londres en agosto  
é un mundo de epidermes  
de contactos coa avidez das presas  
de razas mesturadas sen acougo  
nunha illa de néboas e friaxe

Vai calor no metro de Londres  
nos beizos calados  
nas patrias esquecidas  
na norma da codia dun vestido  
que alenta o imposible dunha arela  
dun tempo alugado  
dunha casa estraña  
dunha flor que non medra no norte  
dunha sede que non sacia esta terra.

A vida en agosto é un "take away"

tomar o día axiña no amencer

mastigar o seu acedo sabor

sen notar o arrepío ten ferinte

do silencio que se xunta

nestes días de velada paciencia.

#### IV. AS FERIDAS DO AZOUGUE

*No mueras más en mí, sal de mi lengua.*

*Antonio Gamoneda*

Variación sobre un poema

de Lucille Cliftón (1936)

Fillos

cando vos pregunten

porqué o voso pai durme tan pouco

decide

que é un poeta

que o seu corazón

non ten acougo

que o seu sono

non ten sentido común.

Ensinoúme o retrato dunha muller espida  
coa sincronía das cores da terra  
sen rostro  
e o sinal excesivo do óleo  
na ferida dos peitos  
non sentín o abandono  
do sexo espido  
nin sequera o agre  
dos perfís do marco  
perfectamente delimitando

a arte.

Quero crer que é o meu pai  
quen arrola este berce de nostalxia  
pero sempre  
é ese soño  
que se esvae  
coas primeiras luces do día.

O silencio ten ás veces  
o ruído rouco dunha onda  
sobre a praia  
o crepitar dun peito  
na calor da medianoite  
o tempo detido na celaxe  
dunha ollada  
o trazo inacabado da memoria

o silencio ten ás veces  
a dozura dun poema.

V.AMOR NO SILENCIO DO AZOUGUE

*Si el amor, como todo, es cuestión de palabras  
acercarme a tu cuerpo fue crear un idioma.*

**Luís García Montero**

*Hembra que entre mis muslos callabas  
de todos los favores que pude prometerte  
te debo la locura.*

**Leopoldo María Panero**

De cando o amor  
non era más cunha palabra  
uns labios a rozarse  
un silencio  
ocupado polos corpos  
a quererse  
esa patria de mel  
que alimenta  
o desexo  
esa agulla  
que fire  
tan dentro.

Silencio

xa o idioma ceibou as últimas palabras

xa non quedan nomes para chamarte

xa os beizos perderon o costume

de buscarte.

Só penso en ti en agosto

desbordada de pracer

no remanso das mans

na cerimonia do amor

finxindo ser amantes

no abismo do día.

Quero entrar no teu val  
coa fereza do guerreiro  
de vecido de amor  
pola patria das lilas  
que agroman no teu peito

O teu corpo é unha braña  
un pracer húmido  
ao final do verán

Es flor de pedra  
remol ardente  
das inguas a apreixarme

Caricia que se enlea  
na ardentía furna  
na néboa dos dedos  
a ampararme

Efémberos rastros  
sobre as peles tatuadas  
de ausencias e misterios  
a consumirse

Quero entrar no teu val  
lentamente  
posuirte.

Cando morra o amor  
quero estar vivo  
desmaiar sobre ti  
a luz deste abandono  
vivir de novo  
a tépeda pel a demorarse  
no vértice da alba  
o desterro dos corpos a buscarse

Quero estar vivo  
cando morra o amor  
saciar esta sede de nostalxia  
que se deita sobre a cama  
soñar co pan das túas cicatrices  
poder amar o mar deste delirio.

Ela pensou que envellecer  
era iso

botar para fóra a caraxe  
dos días de ausencia  
por iso cando el volveu  
naquela tarde de agosto  
soubo do fracaso  
irremediable da vida.

Deixei de falar  
de min mesmo nos poemas  
e falei de ti  
agora esa dor que fuxía  
é a escusa  
da última palavra  
eses dedos a rozarme  
o arrepío da indiferenza.

Apaxar ás apalpadas o teu corpo  
húmido coa calor deste agosto  
evitando o veneno derramado  
na primeira vez  
na carne que devolve  
luz ás sombras  
dos meus ollos.

Levas espíndote para min  
dezasete anos  
e segue o meu peito a enchoupar  
xenerosas praderías  
marusía as mans a procurarte  
o teu labio a proclamar  
esa beleza túa  
de cerva fuxidía  
nos ollos que me anuncian  
a palabra última  
nas augas tan mornas  
na fatiga da noite.

Abre a noite as alas  
e acubíllanos

teremos que decidir a patria  
xurdida desta guerra  
gañada na pavura da cama  
coa paixón dos amantes  
na batalla do exilio.

Así están as cousas muller

o lampexo dunha estrela sobre nós  
e un xordo silencio a amordazarnos

Así están as cousas

un retorno que arde en nós  
e os equívocos  
na incerteza da calma.

Bicar cada mañá a túa meixela

esa é a relixión verdadeira

Sentir a calor do teu peito  
a resoar no eco da noite

esa é a palabra de Deus.

Souben de ti polo devalo do día  
polo roibén a tinguir a brétema  
pola consumación dos corpos que navegan  
na suor das sabas neste agosto

Souben de ti polas cores das meixelas  
e as areas no fondo da bañeira  
o crepitar dos pasos trala cea  
os muros que resoan  
no momento do amor e dos silencios.

O tempo dos amantes  
ten a brevidade  
do nido brillar dunha estrela  
un espasmo no palpito dun corpo  
a nostalxia das últimas marés  
esa substancia que medra dentro  
a escavar na codia do desexo  
ese tacto devedido na mañá  
anunciando o limiar do desterro  
que devolve a ferida do amor  
o levísimo son  
da despedida.

Es ti amada miña  
o meu templo  
de porosas pedras construído  
descifrados signos  
coma ferida aberta  
sobre os anos  
que se apagan  
o anuncio dun futuro  
que non chega

Es ti amada miña  
o meu templo  
un silencio espido de fonemas  
a vontade do tempo  
que nos fire  
  
nos derrota.

Intento liberarme  
desta coita  
do amor de compromiso  
dos paxaros esvaecidos  
a rumbar  
nas pólás do desexo

Afúndome  
nas feridas do silencio  
na noite compartida  
no escenario gris  
do verme que escava  
na terra seca  
da fin do verán.

Esa túa voz  
que fermenta  
na caraxe dos días  
nace do silencio  
da miña indiferenza  
o bruído seco  
que anuncia  
a inevitable derrota.

Non sexades daqueles

que non lembran

a dozura no labio

o frío na carne

a palabra no verso

a voz soterrada

no máis fondo

a chamarnos.

## **INDICE:**

### **I.- A NOITE NO SILENCIO DO AZOUGUE**

Hoxe o xabre, 3  
Deberiamos cambiar esta costume,4  
Un balbordo de ouveos cegaba a noite,5  
¿E qué é un poema ?,6  
En agosto déitome sempre tarde,7  
Anunciou en agosto que ía ter un fillo,8  
Eses pes descalzos ,9  
Os chíos dos paporroibos,10  
Viñeron as grandes marés de agosto,11  
No devalo das tardes de agosto,12  
É a sesta o grande momento da tarde,13  
Está a gata a deluvarse,14  
Cando o silencio se verte sobre a noite,15  
Neste día serodio de agosto,16  
As pólás da maceira a abanar,17  
É doado escribir aquí un poema,18  
Hai un mundo de insectos,19  
Cambiaría a pel mol e branca,20  
Mastigaba de vagar o sabor do viño,21  
A noite caeu coma un lenzo,22  
Botou a noite tépeda,23  
Escribo poemas baixo as polas do piñeiro,24  
Houbo un tempo no que as árbores,25  
Aquel piñeiro sempre estivo alí,26  
Ollabamos a lúa,27  
Nestas últimas horas da tarde,28  
Chegaron as primeiras chuvias de setembro,29  
haiku(I),30  
haiku(II),31  
haiku(III),32  
haiku(IV),33  
haiku(V),34

### **II.-AZOUGUE SALGADO**

Aprendinlle a pescar aos nenos,36  
Trece peixes boquexando,37  
Quedou o peixe pendurado do anzol,38

### **III.-OS FILLOS DO AZOUGUE (LONDON MARKET . ALBUM FOTOGRÁFICO)**

Camiñaba coa morneza dun animal ferido,40  
Fun a Camdem Marker,41  
Tiña a altiva mirada dos príncipes,42  
O metro en Londres en agosto,43  
A vida en agosto é un "take away",44

### **IV.- AS FERIDAS DO AZOUGUE**

Variación sobre un poema de Lucille Cliftón (1936),46  
Ensinoume o retrato dunha muller espida,47  
Quero crer que é o meu pai,48  
silencio ten ás veces,49

### **V.- AMOR NO SILENCIO DO AZOUGUE**

De cando o amor ,51  
Silencio,52  
Só penso en ti en agosto,53  
Quero entrar no teu val,54  
Cando morra o amor,55  
Ela pensou que envellecer,56  
Deixei de falar,57  
Apaxar ás apalpadas o teu corpo,58  
Levas espíndote para min,59  
Abre a noite as alas,60  
Así están as cousas muller,61  
Bicar cada mañá a túa meixela,62  
Souben de ti polo devalo do día,63  
tempo dos amantes,64  
Es ti        amada miña,65  
Intento liberarme ,66  
Esa túa voz ,67  
Non sexades daqueles,68